IES LUCUS AUGUSTI
Avda. Rodríguez Mourelo, S/N, 27002 – LUGO
Secretaría: 982 22 09 68 – Dirección: 982 28 02 52 – Fax: 982 28 09 61
Correo electrónico: ies.lucus.augusti@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invierte no teu futuro"

BASES DO SORTEO DUNHA TABLET

1. O IES Lucus Augusti co CIF Q7755122D e domicilio na Avenida Rodríguez Mourelo, s/n en Lugo ten previsto facer un sorteo dunha Tablet para axudar a financiar o viaxe de estudos de 1ºBAC, que se realizará no mes de xuño do 2022. Sorteo que se efectuará de conformidade ao establecido nestas bases.

2. **Período promocional**:

   A promoción desenvolverase dende o 01 de abril de 2022, data coincidente co inicio da venta das papeletas, ao **24 de xuño 2022, data do sorteo da Once que fixará o número da papeleta premiada.**

   A participación no presente sorteo promocional está aberto a todo usuario que cumpra cas presentes Bases e especificamente as Condicións de participación citadas na base 4. O centro educativo reservase o dereito a evitar que sobre este sorteo promocional se establezan sistemas de especulación ou de negocios. A tal fin o IES Lucus Augusti poderá dar de baixa a aqueles que estean facendo un mal uso da promoción, realicen actos fraudulentos ou que prexudiquen á outros partipantes.

3. **Coste papeletas**

   O coste de cada papeleta será de 1€, o importe obtido pola venda das mesmas será **integramente** para o alumnado participante na viaxe.

4. **Pode participar:**

   -calquera persoa que adquirise unha papeleta. No caso de ser premiado un menor, ten que recoller o premio pai/nai/representante legal adulto.

   -Que resida en España.

   -Que estee en posesión dunha das papeletas deste sorteo promocional, orixinal, válida e sen estar deteriorada.

5. **Mecánica de participación**

Ao longo do período mencionado os alumnos do instituto venderán papeletas por valor de 1€ para subvencionar a viaxe de 1ºBAC.

6. **Celebración do sorteo e entrega do premio**

O día 24 de xuño de 2022 realizarase o sorteo correspondente da ONCE. A papeleta cuxas últimas catro cifras coincidan con ese sorteo, será a papeleta gañadora. O premio será unha Tablet, tal e como figura nas papeletas. A papeleta debe ser a orixinal. Toda PAPELETA rota, emendada, fotocopiada ou en mal estado se considerará nula.

A persoa que posea dicha papeleta terá un prazo de 15 días para reclamar o premio. Transcorrido o prazo de QUINCE (15) días naturais sen que o gañador presentara unha papeleta da forma antes citada, o que a mesma no revista os requisitos de validez indicados anteriormente, o premio correspondente no poderá serlle asignado ni a él ni a calquera outro terceiro, quedando deserto. As papeletas que non resulten premiadas quedarán sen efecto, e non darán dereito a reembolso ou compensación algunha. Si a papeleta premiada fora unha das papeletas sen distribuír, o premio quedará deserto.

7. **Aceptación das bases**.

Se informa aos posibles participantes que o simple feito de participar na promoción implica a total aceptación das presentes bases.

O Instituto resérvase o dereito de modificar o contido das presentes bases no suposto de que aconteza calquera circunstancia imprevista que estea fora do seu control xa sexa fortuíta ou de forza maior , sen que o Instituto incorra en responsabilidade algunha fronte aos participantes, premiados ou terceiras persoas.

8. **Repercusión fiscal**

O premio obxecto desta promoción estará suxeito a normativa fiscal en vigor aplicable en cada momento e á súas disposicións de desarrollo. Dicha normativa aplicable podería suxeitar a tributación o citado premio, dependendo da residencia do premiado e o valor do

premio, sendo en todo caso o coste fiscal asumido integramente polo ganador premiado, así como as obrigacións tributarias que se deriven. O IES Lucus Augusti poderá, como requisito imprescindible á entrega do premio, exixir ao gañador o seu DNI ou documento de identidade fiscal válido. Corresponderá ao premiado o cumprimento das eventuais obrigacións fiscais por razón do premio recibido.